

Francisco Sineiro e Roberto García informarán sobre a produción de leite sen cotas e a nova PAC nunha charla organizada polo PSOE en Palas de Rei

A xornada terá lugar este mércores, a partires das 21:00h, na Casa da Cultura, e contará coa participación de Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco

Esta charla súmase a máis dunha ducia de xornadas informativas impulsadas dende a secretaría de Medio Rural, e que se viñeron celebrando cun gran éxito de asistencia no último ano en distintos concellos

No encontro analizarase a “crítica situación” que atravesamos o sector lácteo e que está a afectar especialmente á provincia de Lugo, pois é a maior produtora de leite de Galicia e incluso de España

O PSOE decidiu convocar esta charla en Palas de Rei, co fin de colaborar de forma activa para que ningún agricultor e ningún gandeiro queden sen cobrar as axudas desta Política Agraria

PALAS DE REI, 7 DE ABRIL DE 2015.- Os secretarios Provincial e de Medio Rural – Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco-, acompañados polo secretario Xeral de Unións Agrarias Galicia – Roberto García- e o profesor de Economía Agraria da USC -Francisco Sineiro-, participan mañá mércores 8 de abril, nunha charla informativa sobre a produción de leite sen cotas e sobre a nova PAC, que terá lugar, a partires das 21:00 horas, na Casa da Cultura de Palas de Rei.

Na xuntanza analizarase a “crítica situación” que atravesamos o sector lácteo, e que está a afectar especialmente á provincia de Lugo, pois é a maior produtora de leite de Galicia e incluso de España. Precisamente, e co fin de poñer en valor o traballo dos produtores e gandeiros lucenses, os socialistas veñen de presentar diferentes iniciativas no Parlamento galego, no Congreso, no Senado e incluso no Parlamento Europeo, no senso de que o Goberno Central incorpore os tres elementos básicos que deben estar presentes no novo decreto lácteo: que se garanta a recollida do produto, que se modifique a figura do mediador, de tal xeito que teña facultades reais de arbitraje e sanción, e que os contratos coas industrias teñan unha duración obrigatoria de dous anos.

Máis dunha ducia de xornadas

Deste xeito, este encontro súmase a máis dunha ducia de xornadas informativas organizadas dende a secretaría de Medio Rural que dirixe Rouco, e que se viñeron celebrando cun gran éxito de asistencia no último ano para informar sobre estes asuntos en diferentes concellos da provincia.

Os socialistas tamén son coñecedores das dificultades que estivo e está a sufrir o sector agrario polo constante aumento dos custes de produción derivados da suba do prezo dos cereais, do aumento dos custes enerxéticos e pola baixada dos prezos de venda. É por este motivo polo que o PSOE decidiu convocar esta charla en Palas de Rei e colaborar de forma activa para que ningún agricultor e ningún gandeiro queden sen cobrar ás axudas directas da Política Agraria Común.